



GLOBAL  
CIVIL  
WAR Ø  
don't be slaves

# Manual básico sobre detenciones

## Confederación Nacional do Traballo

**Edita:** Secretaría de Xurídica e Propresos  
Secretaría de Formación e Estudos  
Secretariado Permanente do Comité Confederal

Marzo 2012

Historiador Domínguez Ortiz 7 local 2 14002 Córdoba  
correo-e: sp\_cn@cnt.es  
Enderezo Postal: Apartado 2138 - Código Postal 14080  
Teléfono: 957 434 897 /Fax: 942 940 983

***www.cnt.es***

**O presente documento ten como finalidade o debate e a reflexión. Non constitúe, polo tanto, un acordo da organización.**



Este traballo se encontra baixo una Licencia de Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported. Permisos que vayan máis allá de lo cubierto por esta licencia pueden encontrarse en <http://creativecommons.org>. Esta licencia permite copiar, distribuir, exhibir e interpretar este texto, siempre y cuando se cumplan las siguientes condiciones:



**Autoría-atribución:** se deberá respetar la autoría del texto y de su traducción. Siempre habrá de constar el nombre del autor/a y del traductor/a.



**No comercial:** No se puede utilizar este trabajo con fines comerciales.



Se permite la generación de obras derivadas siempre que no se haga un uso comercial y se distribuyan con una licencia igual a la que regula la obra original.

Los términos de esta licencia deberán constar de una manera clara para cualquier uso o distribución del texto. Estas condiciones sólo se podrán alterar con el permiso expreso del autor/a. Para ver una copia de esta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/> o escriba una carta a Creative Commons, 444 Castro Street, Suite 900, Mountain View, California, 94041, USA.



# Manual básico sobre detenciones

# Manual básico sobre detenciones

## INDICE

### PRESENTACIÓN

1. SOBRE A IDENTIFICACIÓN: OBRIGAS LEGAIS.
2. SOBRE O CACHEO.
3. SOBRE AS NOSAS PERTENZAS.
4. SOBRE DETENCIÓNS.
5. QUEN PODE DETERNOS?
6. PODEN LEVARNOS Á COMISARÍA?
7. CANTO TEMPO PODEMOS ESTAR NA COMISARÍA?
8. QUE DEREITOS TEMOS NA COMISARÍA?
9. PODEMOS AVISAR DE QUE ESTAMOS DETIDOS?
10. PODEMOS RECIBIR VISITAS?
11. PODEMOS PEDIR ROUPA, MEDICINAS, COMIDA, LECTURA, ...?
12. PODEMOS MENTIR?
13. TEMOS OBRIGA DE PEDIR UN AVOGADO OU AVOGADA?
14. ESTAMOS OBRIGADOS A FALAR NUNHA LINGUA DETERMINADA?
15. TEMOS DEREITO A QUE NOS VEXA UN MÉDICO?
16. QUE PODEMOS FACER PARA RECLAMAR SE NOS DETIVERON SEN RAZÓN OU NOS RETEÑEN DEMASIADO TEMPO?

## Presentación

Encontrámonos ante unha situación socioeconómica na que asistimos a ataques continuos aos nosos dereitos sociais e laborais. Algúns ataques como a Reforma Laboral que afecta a toda a clase traballadora do Estado, e outros, como os recortes do gasto público na educación, sanidade ou servizos sociais que empezan a sufrirse en comunidades como Cataluña, Madrid ou Valencia.

As forzas represivas están actuando de forma desproporcionada ás respos-

tas organizativas da clase traballadora ante as agresións, laborais, económicas, sociais, mediante as ferramentas de loita que a CNT comparte: as mobilizacións e manifestacións.

Coa presente guía pretendemos dar a coñecer o que a lexislación regula en materia de detencións de modo que coñezamos cales son os nosos dereitos e de aí poder actuar consecuentemente ao obxecto de ter as menores consecuencias legais.

### 1.- Sobre a identificación: obrigas legais

Só se cometemos un delito, unha falta (feitos que o Código Penal non condena con prisión senón con penas leves, como a multa) ou unha infracción administrativa (mal aparcamento, orinar na rúa, etc.) ou se é necesario para protexer a seguridade.

Se non levamos documentación e non cometemos ningún delito ou falta, os axentes poderán requirirte a que os acompañes a dependencias próximas, ben a Comisaría, Cuartel da Garda Civil ou Municipal, lugar onde estarás “retido ou retida” aproximadamente dúas horas até que consigas identificarte, poderante fotografar e tomar a pegada. Nestas dependencias, haberá un Libro-Rexistro no que se farán constar as dilixencias de identificación, así como os motivos e duración das mesmas. A este Libro só teñen acceso os e as xuíces e fiscais.

Nos casos de resistencia, negativa a identificáreste ou realizares voluntariamente as comprobacións ou prácticas de identificación, poderás ser detido o detida.

Se somos testemuñas dun delito ou dun accidente, temos que dar o noso nome, enderezo, número de teléfono e de fax e enderezo de correo electrónico; pero non temos obriga de mostrar a nosa documentación.

### 2.- Sobre o Cacheo

Pódennos cachear en calquera lugar, sós ou acompañadas, e en calquera momento antes de sermos detidos ou detidas.

### 3.- Sobre as nosas pertencenzas

É moi recomendábel, ante a posibilidade de controis ou “ cacheos “ da policía en bolsos,

mochilas, etc... que se acuda ás mobilizacións cos petos limpos, é dicir, nada de libretas con teléfonos, enderezos, obxectos que poidan considerar punzantes, etc... sempre hai que levar o DNI. Só por non levalo podes ser detido, detida.

Se consideran que cometemos un delito e se é preciso, poden incautar o noso vehículo, a documentación do mesmo e o noso permiso de conducir.

#### **4.- Sobre detencións**

Só poden deternos no momento en que imos cometer un delito ou o estamos cometendo, ou se estamos fuxidos, fuxidas.

Se cometemos unha falta non poden deternos, salvo que non poidamos identificarnos, nin esteamos cunha persoa que poida identificarse.

Se hai razón para deternos, debe facerse da forma que menos nos prexudique: sen usar a forza e de forma discreta.

#### **5.- Quen pode deternos?**

Se estamos cometendo un delito ou somos prófugos, prófugas, pode deternos calquera persoa.

Se cometemos unha falta e non podemos identificarnos nin estamos con alguén que se identifique, só pode deternos a policía.

Antes de deternos, a policía está obrigada a identificarse.

#### **6.- Poden levarnos á comisaría?**

Só se poden deternos ou para identificarnos.

#### **7.- Canto tempo podemos estar na comisaría?**

O tempo estritamente preciso para identificarnos e averiguar os feitos, nada máis.

Inmediatamente despois teñen que poñer-nos a disposición xudicial.

#### **8.- Que dereitos temos na comisaría?**

No caso de que se te deteña en aplicación da lei ordinaria esta non pode prorrogarse por máis de tres días e os dereitos que tes son os seguintes:

- Presentación da orde de detención. Isto é o habitual, porén, poden producirse detencións sen necesidade de presentar dita orde. Isto ocorre nos casos de detención in fraganti ou nos casos nos que hai elementos obxectivos que acrediten que se cometeu un delito, que o cometeches ti e de que hai perigo de que fuxas. A pesar de todo, é conveniente que esixas a citada orde. En todo caso, se non existe esa orde a policía ten a obriga de informar da túa detención ao xuíz no prazo de 24 horas.
- Ser informada, informado, inmediatamente das razóns da túa detención, especificando os feitos dos que se che acusa.
- Identificación dos axentes que te deteñen.
- A que a policía comunique telefonicamente coa túa familia, amigos, organización, (a quen ti decidas) para informalos do lugar no que te atopas detido.
- A chamar a un avogad@ da túa confianza para que estea presente durante a toma da declaración.

- A manter unha entrevista reservada co teu avogad@ - aínda que non declarases- na que che indique se declaraches ben ou mal, en atención á defensa dos teus dereitos e intereses e te aconselle sobre como debes facelo ante o xuíz .

- Se es estranxeiro, tes dereito á presenza dun intérprete na túa declaración e a comunicar ao Consulado ou Embaixada do teu país a túa detención.

- O Habeas Corpus é un procedemento de posta a disposición xudicial no caso de detención ilegal, abarcando tamén os casos en que non se respectasen os dereitos dos detidos.

- A concesión do Habeas Corpus, supón a posta a disposición inmediata ante o xuíz . O obxecto deste recurso é determinar os supostos de privación ilegal de liberdade, tanto en canto ás causas como no tratamento ao detido. A petición de Habeas Corpus pode ser tamén unha forma de denunciar esta situación e conseguir a intervención xudicial.

- Pódeo solicitar a persoa detida, o seu cónxuxe ou similar, os pais, fillos ou irmáns.

## **9.- Podemos avisar de que estamos detidos, detidas?**

Si, a policía ten que avisar á persoa que queiramos, familiar ou non e se somos estranxeiros ou estranxeiras sen familia nin coñecidos nin coñecidas no Estado, deben avisar ao noso consulado.

## **10.- Podemos recibir visitas?**

Ningunha persoa nos pode visitar durante a detención, dado que estamos

incomunicad@s, só nos vai ver o ou a avogado e/ou médico.

Os familiares ou amizades das persoas detidas, o mellor que poden facer é poñerse en contacto cun ou unha avogada da súa confianza e facer pública a detención e comunicalo ao resto das persoas que te coñezan e/ou ao colectivo ao cal pertencas.

É recomendábel que no teu entorno coñezan os datos do ou da avogada coa que contades no teu Sindicato.

## **11.- Podemos pedir roupa, medicinas, comida, lectura, ...?**

Só no caso de estarmos en tratamento médico, dispensarásenos o mesmo, e unha vez acreditemos mediante Informe Médico, o tratamento que temos, por iso hai que expoñelo ao principio da detención policía, para que cando a policía se comunique coa nosa persoa de confianza que estamos detidos se lle diga que pode achegarse á Comisaría co Informe Médico e o tratamento.

## **12.- Podemos mentir?**

Temos dereito a mentir sempre que dicir a verdade sexa inculparnos a nós.

Non temos dereito a mentir cando mentindo evitamos culpar aos ou ás demais. Pero sempre temos dereito a non dicir nada se non queremos inculpar a alguén.

## **13.- Temos obriga de pedir un avogado ou avogada?**

A presenza dun avogado ou avogada é un dereito irrenunciábel salvo no caso de delitos de tráfico. Se non eliximos a alguén que

coñezamos ou de oficio, será a policía a que pida un ou unha de oficio.

Como polo avogado ou avogada de oficio se pode esperar até oito horas, para non estarmos tanto tempo detidos, é preferíbel solicitarmos un ou unha que saibamos que vai acudir inmediatamente, non importa se non queremos utilizalo ou utilizala despois no xuízo, pois podemos cambiar de avogado ou avogada en calquera momento. Trátase só de estarmos en comisaría o menor tempo posíbel.

Temos dereito a falar en privado co avogado ou avogada, pero despois do noso interrogatorio no que temos dereito a gardar silencio, e durante o cal o avogado ou avogada non pode facer preguntas, só suxerir que se nos faga algunha, a policía decide libremente se nos fai a pregunta que suxire o noso ou nosa avogada.

#### **14.- Estamos obrigados a falar nunha lingua determinada?**

Non, temos dereito a que se nos informe dos nosos dereitos e a declarar na lingua que

entendamos. Se é preciso, temos dereito a un intérprete sen ningún custo.

#### **15.- Temos dereito a que nos vexa un médico?**

Sempre, esteamos ou non enfermos ou feridas.


#### **16.- Que podemos facer para reclamar se nos detiveron sen razón ou nos reteñen demasiado tempo?**

Podemos obter a inmediata posta a disposición dun xuíz polo procedemento de habeas corpus, que se pode solicitar de palabra por un familiar ou pola nosa parella sen necesidade de avogado nin de procurador, basta con presentarse no xulgado de instrución de garda do lugar onde nos detivesen.

Tamén podemos facelo nós directamente pois podemos enviar ao xuíz calquera escrito que queiramos, a través da policía que o cursará ao Xulgado de garda incluída a solicitude de Habeas corpus.







**Confederación Nacional do Trabajo**  
[www.cnt.es](http://www.cnt.es)